

28 AGO. 2015

A Secretaría de Gobierno local,
P.O.



Concello de Vigo
Xefatura

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

QUE REXIRÁN O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN
DO SUBMINISTRO DUN MÍNIMO DE 17 VEHÍCULOS
PARA O SERVIZO DE POLICÍA LOCAL, EN RÉXIME DE
ARRENDAMENTO (RENTING), PARA OS ANOS 2016 -
2020.



ÍNDICE

- 1.- Introducción.
- 2.- Obxecto do contrato.
- 3.- Condicións do renting.
- 4.-Especificacións técnicas dos turismos.
- 5.-Características da transformación dos turismos para adecualos ao servizo policial.
- 6.- Especificacións técnicas dos furgóns.
- 7.- Características da transformación dos furgóns para adecualos ao servizo policial.
- 8.- Especificacións técnicas dos vehículos todo terreo lixeiros
- 9.- Características da transformación dos vehículos todo terreo para adecualos ao servizo policial.
- 10.- Autorizacións específicas.
- 11.- Presentación do prototipo.
- 12.-Documentación a adxuntar e garantía.
- 13.- Control de xestión de flotas

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

28 A60. 2015

A Secretaría de Gobierno local,
P.O.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/07/2015 09:14 Páxina 2 de 19

Expediente 43577/212

Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR de esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

28 AGO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

1.- Introducción

A Xefatura da Policía Local redacta este Prego de Prescricións Técnicas, ao que haberán de axustarse os licitadores en todos os seus apartados, e no que se describen as condicións de mantemento, características mecánicas e os requisitos de transformación policial dos vehículos obxecto de subministración.

2.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato consiste na subministración en réxime de arrendamento (renting), dun mínimo de 17 **vehículos** dotados da transformación policial que se especifica no presente prego de condicións técnicas, conforme á seguinte relación:

CANTIDADE/TIPO DE VEHÍCULO

- Clase I: mínimo 8 turismos patrulleiros sen Kit de traslado de detidos.
- Clase II: mínimo 4 turismos patrulleiros con Kit de traslado de detidos.
- Clase III: mínimo 1 furgón para o servizo de atestados.
- Clase IV: mínimo 2 furgóns para o servizo de seguridade cidadá.
- Clase V: mínimo 2 vehículos todo terreo, modelo Suv.

3.- Condicións do renting

3.1. Posta a disposición dos vehículos.

Os vehículos subministrados serán novos, dos comercializados ao público, matriculados a nome da empresa adxudicataria debendo estar en todo momento en perfecto estado, tanto funcional ou técnico coma administrativo, de xeito que permita a normal circulación.

Alternativamente poderán matricularse a nome do Concello deducíndose da cuota mensual a parte proporcional dos Impostos de Matriculación e de Vehículos de motor.

O prazo de entrega á Policía Local nas condicións da prestación do servizo será de 60 días naturais a contar dende o seguinte á formalización do contrato en documento administrativo.

Tódolos impostos relacionados coa tenencia e circulación do vehículo serán por conta do adxudicatario durante a vixencia do mesmo.

3.2. Seguro do vehículo.

O rentista adxudicatario concertará un seguro a todo risco, sin franquicia, para cada un dos vehículos obxecto do contrato, durante a vixencia do mesmo, correndo a cargo do adxudicatario tódolos gastos.

O seguro a todo risco do vehículo arrendado deberá incluír ao menos as seguintes coberturas:



- Responsabilidade civil obligatoria axustada ás prescricións legais en canto ao seu réxime e e contía das coberturas
- Responsabilidade civil voluntaria ata o límite establecido legalmente
- Danos propios sufridos polo vehículo e todos os accesorios incluídos no contrato.
- Danos por colisión.
- Defensa e reclamación de danos.
- Roubo e incendio do vehículo e/ou accesorios.
- Rotura de lúas, teitos, luneta traseira e fiestras laterais.
- Asistencia en estrada 24 horas.
- Seguro de accidentes corporais para condutor e ocupantes cun límite mínimo de 30.000 €.

3.3 Mantemento e reparacións.

3.3.1. A empresa adxudicataria comprométese a manter os vehículos durante o período de vixencia do contrato en perfectas condicións técnicas e de funcionamento, e a que os mesmos cumpran as esixencias legais para a circulación. Tódalas accións e xestións necesarias para manter os vehículos en perfectas condicións para a circulación deberán ser realizadas pola empresa adxudicataria o seu cargo.

En particular, a empresa adxudicataria obrígase a realizar durante todo o período de vixencia do contrato as seguintes accións:

Mantemento integral (preventivo e correctivo):

- A realización, seguimento e control das revisións periódicas recomendadas polas respectivas marcas de vehículos.
- O sometemento dos vehículos ás inspeccións técnicas de vehículos que sexan preceptivas para a súa circulación.
- A reparación de tódalas avarías que se produzan no vehículo calquera que sexa a causa e o suxeito causante das mesmas, salvo as provocadas por negligencia grave do condutor, Non se considerarán negligencias as avarías ou sinistros que se produzan como consecuencia de persecucións policiais ou servizos de urxencia.
- A substitución dos neumáticos dacordo coas previsións normativas sobre a profundidade mínima do debuxo de rodadura e, en todo caso, aos 25.000 km de uso.
- Mantemento e reposición dos dispositivos complementarios que se incorporen ao vehículo e que non sexan subministrados de orixe polo fabricante do vehículo (luces de urxencia, lanternas, preinstalación de radio, etc), así coma do soporte técnico dos mesmos (cableado, man de obra, montaxe e desmonte, etc).
- Mantemento, reparación e substitución dos elementos do habitáculo interior que polo seu uso intensivo deteriórnanse, tales como quitasoles, mandos de accionamento, asentos, alfombrillas e demais elementos.
- O mantemento, recarga e substitución dos extintores.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

28 AGO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.



28 AGO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

Reparación por accidente ou actos vandálicos:

- Estarán incluídas as reparacións dos vehículos en caso de accidente ou sinistro, calquera que sexa a causa ou o suxeito causante dos mesmos.
- Tamén se incluírá a reparación dos danos ocasionados por "actos vandálicos" por persoas alleas á Policía Local (rotura de cristais, gornecidos interiores, biombo separación, portas, etc) que se produzan como consecuencia do servizo e que non estean cubertos polo seguro.

3.3.2 Todo tipo de reparación ou mantemento a que deban someterse os vehículos e os seus accesorios realizarase, como norma xeral, dentro do termo municipal de Vigo, baixo a responsabilidade do adxudicatario e conforme ao disposto nos seguintes apartados.

Cando por razón dunha mellor calidade do servizo, o mantemento ou reparación se teña concertado fora do termo municipal, poderase esixir á empresa responsable da reparación o traslado con guindastre, desde o lugar no que se atope o vehículo ao taller e viceversa. No entanto, se o tipo de avaría permíteo, poderase desprazar o persoal da empresa que teña que efectuar a reparación ás instalacións propias designadas a tal efecto polo concello, onde realizarían as operacións necesarias. En calquera dos dous casos deberán cumprirse os tempos máximos de inmovilización por avaría que se describen máis adiante.

3.3.3. Serán de conta do adxudicatario os gastos ocasionados polos desprazamentos con guindastre dos vehículos inmovilizados por calesquera clase de danos ou avaría.

3.3.4 A substitución dos neumáticos polo rentista adxudicatario esixirá a autorización expresa do Xefe do Parque Móbil Municipal cando os novos non se correspondan coas características técnicas dos que o vehículo veña dotado de fábrica.


3.3.5 Os talleres designados polo adxudicatario deberán cumprir rigorosamente a normativa vixente en materia ambiental, en canto á eliminación de residuos e materiais de desfeito dos vehículos. Nese senso, os labores de mantemento e reparación serán levadas a cabo, preferentemente, en talleres que teñan implantado un Sistema de Xestión Ambiental.

3.3.6 Será condición indispensable que os devanditos talleres dispoñan de espazo suficiente para que todos os vehículos que teñan que permanecer neles, fágano en lugar pechado e seguro, non quedando ao alcance dos particulares, por elementais medidas de seguridade.

3.3.7 Cando un vehículo quede a disposición do adxudicatario por razón de avaría ou accidente, ou entre nos talleres autorizados a tal efecto, deberán observarse rigorosamente as seguintes normas:

- A emisora policial deberá permanecer apagada.
- A Policía Local redactará ficha da dotación do vehículo inmovilizado, coa conformidade do adxudicatario ou persoa autorizada por este último.

3.3.8 A recepción dos vehículos nestes talleres, farase de maneira que os policías non teñan que esperar máis que o tempo estritamente necesario para cumprimentar as follas de traballo, e en todo caso, sen coincidir cos restantes clientes ordinarios do taller.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Página 5 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC3C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

3.3.9 Os tempos de inmovilización dos vehículos nos talleres, serán os seguintes:

- a) As revisións periódicas faranse sobre a marcha, tendo que esperar só o tempo necesario, sin superar dúas horas, para realizar as operacións incluídas nos libros de mantemento, salvo aquelas que requiran operacións de maior envergadura (cambio de correas de servizos, discos de freos, amortiguadores, etc...), as cales realizaranse nun prazo máximo dun día.
- b) Igualmente repararanse sobre a marcha, sin superar a hora de espera, as picadas, substitución de neumáticos, e aquel outros dispositivos complementarios que incorporen os vehículos (luces de urxencia, lanternas, preinstalacións de radio, etc).
- c) No caso de substitución ou reparación de lúas, o tempo máximo de inmovilización será dun día.
- d) Para reparacións mecánicas, o tempo de permanencia en taller será o mínimo imprescindible e, en todo caso non superará os tres días laborables
- e) En reparacións importantes de chapa e pintura (aquelas que afecten á estrutura, realización, de bancada, etc.), non permanecerán inmovilizados máis de sete días laborables, contados desde que se realiza a peritación.
- f) Para as reparacións de chapa de menor importancia, o tempo de reparación máximo será de tres días laborables, contados a partir da peritación do sinistro.
- g) As reparacións, unha vez terminadas, poderán ser supervisadas polos técnicos municipais que teña asignados devanditos labores de control.


En tódolos casos anteriores, o cómputo dos tempos máximos de inmovilización iniciarase desde a comunicación –por calquera medio que permita a súa constancia- da correspondente incidencia ao adxudicatario.

3.3.10 Para todos aqueles dispositivos complementarios que incorporen os vehículos e que non sexan subministrados de orixe polo fabricante do vehículo (luces de urxencia, lanternas, preinstalacións de radio, etc), o adxudicatario, coa aprobación do Concello de Vigo, determinará os servizos técnicos competentes, quen se farán cargo do mantemento e reposición destes elementos, así como do soporte técnico dos mesmos (cableado, man de obra, montaxe e desmonte, etc.).

3.3.11 En todos os casos de baixa definitiva do vehículo, así como ao finalizar o contrato de renting, será responsabilidade da empresa adxudicataria a retirada de tódolos distintivos identificativos de vehículo policial, así como dos escudos e emblemas correspondentes ao Excmo. Concello de Vigo e a Policía Local, antes de proceder á súa entrega a terceiras persoas, físicas ou xurídicas. Para a realización desas operacións, os vehículos deberán atoparse estacionados fóra da vía pública, en lugar pechado, non accesible a persoas que poidan realizar un uso inadecuado dos mesmos ou de forma que poida afectar á imaxe do Corpo de Policía Local. En tales casos, o Concello resérvase a facultade de esixir, ademais da posible responsabilidade derivada do presente contrato, aquel outras responsabilidades de carácter xudicial ou penal a que houber lugar.

3.3.12 Igualmente, nos casos anteriores (baixa definitiva do vehículo, que poña fin á súa vida útil), a empresa adxudicataria estará obrigada a desprenderse do mesmo, respectando o disposto pola normativa ambiental que resulte aplicable en cada caso. Esa entrega quedará formalizada a través do correspondente certificado de destrución, que xustifique a baixa definitiva do vehículo no rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

APROBADO POR DIRECCIÓN DA XUNTA
SE SUBSCRIBIÓ LOCAL DE DATA
28 AGO. 2015
A Secretaría de Goberno local,
POL

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 6 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/cs		

28 AGO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

3.3.13 O Concello de Vigo comprométese a:

- Solicitar coa antelación suficiente as revisións de mantemento prescritas polo fabricante do vehículo.
- Comunicar calquera avaría incipiente, susceptible de ocasionar maiores danos nos vehículos. No caso de que a avaría fose do conta quilómetros, calcularase o percorrido diario igual á media dos últimos 30 días.
- Facilitar a vixilancia das reparacións por conta do adjudicatario, para os fins que estime oportunos. Se nalgún caso, obsérvase negligencia paralizarase a reparación ata que sexa comprobada polos Servizos Técnicos Municipais.

3.3.14 O consumo de combustible e limpeza dos vehículos serán de conta do Concello de Vigo.

4.- Especificaciones técnicas dos turismos patrulleiros.

4.1 Motor, elementos de seguridade e outros:

- Motor de gasóleo.
- Potencia DIN non inferior a 110 CV
- Dirección servoasistida.
- Sistema ABS.
- Sistema ESP-ASR.
- Airbag de serie
- 5 portas.
- Climatizador.

4.2 Transmisión:

Caixa de cambios dun mínimo 5 velocidades.

4.3 Rodas:

As rodas do vehículo serán as mesmas que monte de serie. A roda de reposto será idéntica en llanta e cuberta ás restantes do vehículo.

4.4 Equipo eléctrico.

Batería única sen mantemento e como mínimo de 60 A.

Alternador electrónico cunha intensidade superior a 80 A.

4.5 Dimensións exteriores.

4.5.1 Patrulleiros (clase I e II):


Lonxitude mínima 4.350 mm., e máxima 4.700 mm.

Altura mínima 1.550 mm.

Anchura mínima 1.700 mm.

4.6 Carrocería.

7

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Paxina 7 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-6A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		


Tipo Monovolumen

4.7 Repartición de pesos.

Realizada a transformación, en ningún caso poderase superar o peso máximo por eixo, debéndose manter a carga correspondente ás praza orixinais.

4.8 Medidas interiores (específicas para patrulleros con KIT de detidos)

Serán, polo menos, as que se especifican no esbozo adxunto:



Levará instalada división entre as prazas dianteiras e traseiras.

5.- Características da transformación dos vehículos patrulleiros para adecualos ao servizo policial.

Para devandita transformación terase en conta -no seu caso- o establecido na normativa vixente, e en particular o contemplado nos RRDD 2822/1998, de 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos e o 866/2010, de 2 de xullo polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos.

5.1 Habitáculo dianteiro

- Os asentos dianteiros deberán ser nas súas dimensións exteriores iguais aos orixinais que equípe o vehículo. Deberán estar reforzados, endurecidos e dispor de reglaxe lumbar.
- As lúas das portas traseiras do habitáculo, así como a da porta posterior deberán estar escurecidas, cun nivel de transmisión lumínica do 35%.

APROBADO NA SESIÓN DE JUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

28 ABO 2015
A Secretaría de Gobierno local,
P.O.



28 AGO. 2015

A Secretaría de Gobierno local,
P.O.

5.1.2 Espellos.

Espellos retrovisores exteriores de ambos laterais con regulación desde o interior.

Segundo espello retrovisor interior para acompañante ou ampliación panorámica do espello interior (para control de pasaxeiros en asentos traseiros).

5.1.3 Elevelunas.

Portas laterais dotadas de elevelunas eléctricos.

5.1.4 Alfombrillas.

Alfombrillas de goma desmontables adaptadas á forma do chan, de gran resistencia.

5.1.5 Bloqueo de portas traseiras.

Dispositivo conectado ao peche electromecánico das portas traseiras, que permita o bloqueo das mesmas, e impida a súa apertura desde o exterior do vehículo.

O interruptor de funcionamento situarase nunha zona accesible para o condutor e acompañante e deberá dispor dun indicador óptico do estado en que se atopen as portas traseiras (bloqueadas ou non bloqueadas).

Instalarase un dispositivo eléctrico de seguridade, nunha zona accesible para o condutor, para que no caso de desconexión da alimentación principal, ou falta de alimentación do dispositivo de peche electromecánico das portas traseiras, permita a súa apertura.

5.1.6 Elevelunas portas traseiras.

Interruptores de subida e baixada dos cristais das portas traseiras, situados no habitáculo dianteiro, diferenciados e separados dos dianteiros.

5.1.7 Pinzas de suxeición.

Colocación na parte dereita do cadro de mandos dunha pinza ou elemento, de suxeición para a fixación de documentos.

5.1.8 Lector de mapas.

Con brazo flexible e cabezal con luz branca, situado no alicerce dianteiro dereito.

5.1.9 Luz habitáculo de detidos (só para turismos con transformación específica para traslado de detidos).

Accionada desde o panel de mandos, instalarase un plafón de luz fluorescente (ou de leds) que sirva para iluminar o habitáculo de detidos.

5.1.10 Interruptor de accionamiento conxunto (só para turismos con transformación específica para traslado de detidos).



Para facilitar o labor de introdución dun detido, colocarse na parte dianteira do habitáculo, de xeito que resulte doadamente accesible tanto ao conductor coma acompañante, un interruptor/es que realice as seguintes funcións simultáneas:

- Activación da luz interior do habitáculo de detidos.
- Desbloqueo de portas traseiras.
- Desbloqueo de cintos traseiros.

Unha vez situado o detido no interior do habitáculo, presionando o mesmo interruptor:

- Apagarase a luz interior,
- Bloquearanse as portas traseiras,
- Bloquearanse os carretes dos cintos traseiros.

5.2 Habitáculo traseiro (exclusivamente nos vehículos con KIT para detidos).

5.2.1 Asentos

Asento traseiro conformado, fabricado en fibra, material plástico ou similar de fácil limpeza, que evite a captación de cheiros e ocultación de obxectos.

O respaldo do asento traseiro disporá de, polo menos, dúas oquedades, de forma que permitan aos detidos o apoio total das costas, aínda en caso de ir estes coas mans esposadas.

Os asentos traseiros disporán de cintos de seguridade con tres puntos de ancoraxe, recolléndose na parte superior central do asento posterior e enclavándose nos laterais. A apertura do cinto non será posible coas portas pechadas. Disporá dun sistema de bloqueo dos cintos, que impida a súa extensión, controlado desde o habitáculo dianteiro.

5.2.2 Portas traseiras.

Paneis de portas traseiras completos e lisos, sen elementos de manobra (manilla de apertura), dun material facilmente lavable, preferiblemente ABS termoformado.

As portas traseiras en ningún caso poderán ser abertas desde o interior do vehículo, tal e como se describe no apartado "*bloqueo de portas traseiras*".

5.2.3 Chan.

O chan será fabricado en ABS inxectado e integrado co asento e resto da carrocería que facendo de "bandexa" permita a limpeza deste habitáculo de forma sinxela. Deberá ser estanco respecto das prazas dianteiras. Disporá dun sistema de desaugadoiro con rejilla e sifón, para evitar a introdución de obxectos.

5.2.4 Asideros.

Colocarase en ambos os laterais, por encima das portas, de resistencia adecuada polo menos de 80 Kg. en tracción.

5.2.5 Biombo de separación

APROBADO NA SESION DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

28 AGO. 2015

A Secretaría de Gobierno local,
P.C.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/07/2015 09:14 Páxina 10 de 19

Expediente 43577/212

Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

28 AGO. 2015

Biombo básico de separación entre os asentos dianteiros e posteriores, fabricado en ABS e policarbonato transparente. Disporá dunha barra de reforzo vertical onde se instalarán as lanternas e outros accesorios en non permitirá a introducción dos dedos en todo o seu contorno, evitando así lesións ou puntos de forza.

Incluirán un sistema de ventilación no habitáculo posterior.

Contemplanse solucións que permitan a comunicación falada e a circulación de aire entre os dous habitáculos.

Ningunha das partes que conforman o biombo poderá posuír arestas cortantes, nin elementos metálicos situados no seu parte posterior, que poidan ocasionar lesións en condicións normais de uso do vehículo, ou ser producidas voluntariamente polos detidos.

5.2.6 Policarbonato traseiro.

Procederá a protexer o habitáculo posterior de posibles agresións exteriores, así como impedir nos posible a fuga dos detidos, mediante unha lámina de policarbonato que cubra a superficie delimitada pola bandexa posterior e o teito do vehículo.

5.3 Elementos de configuración externa e deseño, marcado e rotulación

5.3.1 Axustaranse ao prescrito na Orde de 29 de decembro de 2010 da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas y Xustiza (DOG e de xaneiro de 2011), pola que se establecen os elementos de configuración externa e o deseño para o marcado e rotulación dos vehículos a disposición das policía locais de Galicia, acadando a totalidade dos elementos de ampliación opcional que contempla.

5.3.2. Alumbrado e sinais acústicas de emerxencia


Alumbrado de emerxencia

Ponte de sinalización luminosa de leds de baixo perfil, e cartel de mensaxes abatible incorporado coa seguinte configuración:

- As luces prioritarias estarán formadas por 20 nódulos de 3 leds de última xeneración con reflector parabólico sobre circuito impreso e microprocesador integrado, luz azul.
- Catro módulos laterais, de 3 leds de última xeneración con reflector parabólico sobre circuito impreso e microprocesador integrado, luz branca.
- Dos módulos frontais de seis leds cada un, luz vermella, función luz de pare.
- Conector rápido a teito.
- Dous módulos frontais de seis leds cada un, luz branca.
- Cartel abatible con sinalización posterior de 10 caracteres, luz vermella, dun mínimo de 150 mensaxes programables polo usuario con posibilidade de vista normal, espello scrollig e barra direccional incorporada.
- Na parte posterior da ponte, de xeito visible e centrado con éste, colocárase un cartel nun material apropiado tipo vinilo u outro similar, coa lenda "Policía Local".

O suministro da ponte incorporará un programa para ordenador para a edición e a descarga das mensaxes.

Fixacións ao vehículo.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 11 de 19
	Expediente 43577/212	Codigo de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A823	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Botoeiras de control coas seguintes características:

- . Tecnoloxía CAN BUS, con display gráfico para visualización das mensaxes do cartel e das mensaxes de voz.
- . Control de volume para megafonía e sintetizador.
- . Reprodución de mensaxes de voz.
- . Función de megafonía retardada.
- . Control da barra direccional.
- . Conexión usb para carga de mensaxes de voz e texto polo usuario.
- . Botoeira para control do kit de detidos, agás para aqueles que non o leven.

A ponte deberá estar certificada para circular o vehículo a unha velocidade de polo menos 120 km/h, tanto no modo funcionamento cartel aberto como pechado.

- . Amplificador sereas de 100 w, con megafonía, tecnoloxía CAN BUS.
- . Altofalante de 100 w instalado en habitáculo motor.


A sinalización perimetral será realizada con seis focos de leds en cor azul para sinalización perimetral do vehículo, dous nas aletas dianteiras, dous nas aletas traseiras e dous en portón traseiro.

5.4 Dotación auxiliar/complementaria. (de carácter básico para tódolos vehículos)

-O vehículo debe incorporar dúas lanternas para utilización como equipo auxiliar, alimentadas por contacto, coas seguintes características:

- Multiled de última xeneración, fabricada en material resistente, de alta luminosidade, con batería de reposto de duración mínima de 4 horas.
- Vidrio de alta resistencia a roturas e arañazos con tratamento anti reflexos
- Potencia mínima de 850 lúmenes.
- Tamaño o máis reducido posible.
- A lanterna incorporará unha coroa de leds ao redor da óptica, de cor vermella e ambar de alta intensidade para labores de balizamento e sinalización.
- Cargador individual de carga rápida mediante tensión de alimentación 12 V.
- Cono difusor linterna incoloro instalado en maletero
- Soporte cono difusor linterna instalado en maletero.
- Paleta difusora para linterna, con leyenda "dirección obligatoria / Stop".
- Soporte paleta difusora en maletero.

- Seis balizas luminosas de 46 leds mínimo cada unha para sinais de urxencia, temporais en lugares de accidente, controis de tráfico, etc., para facer visible a presenza de persoal en vía interurbana ou cidade para o resto dos vehículos, independentemente do tempo atmosférico. Funcionamento automático ao despositala na calzada, e detenso ao inclinala. As balizas irán colocadas nunha caixa de transporte que a súa vez fara de cargador para 12, 24 e 220V. As balizas terán unha autonomía mínima de 12 horas ininterrompidas,

	Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 12 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



alimentadas por baterías de NIMH AA 1,2 V. Carga completa en 3 horas. Resistencia climática según test IP67 (inmersión). Base de goma para contacto coa calzada. Sen mantemento.

-Deberase dotar ademais aos vehículos do seguinte material:

- Dous petos reflectantes homologados con arranxo á norma á Orde de 22 de xullo de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece a descripción e características das distintas prendas de uniformidade dos Corpos de Policía Local de Galicia (anexo 2).
- Unha panca metálica resistente de, aproximadamente, 500mm. de lonxitude das denominadas “uñeras ou pata de cabra”.
- Un botiquín dotado dos elementos indispensables para os primeiros auxilios.
- 6 tetrápodos ,
- Una manta tipo MULETÓN, de algodón 100%, coa súa correspondente funda.

Todos estes elementos (agás os petos), xunto co sinal de stop e os capuchóns das lanternas, deberán ir aloxados e suxeitos no maletreiro, de forma que deixen libre o maior espazo posible para outros equipos.

-Os vehículos deberán equiparse cos elementos opcionais e accesorios que a continuación se citan, salvo que os mesmos veñan incluídos na dotación de serie do automóbil:

- Extintor de po dun mínimo de 6 Kg. recargable, dotado de manómetro e soporte que proporcione boa fixación.
- Roda de reposto completa en orde de servizo, idéntica ás catro restantes.
- Protector do cárter do motor, con acceso ao tapón de baleirado do cárter e no seu caso filtro de aceite.
- Colector, bolsa ou aloxamento, cos útiles necesarios para o cambio de rodas e substitución de lámpadas, como mínimo.
- Kit de ferramentas e útiles que se definen no Regulamento Xeral de Vehículos.
- Triángulos de preseñalización, coas seguintes características:
 - Cumprirán coas especificacións técnicas establecidas no Regulamento Xeral de Vehículos, e no Regulamento ECE número 27.
 - Terán unha superficie de apoio metálica, consistente e pesada.
 - A parte fluorescente vermella interior do triángulo será de material ríxido.
 - O conxunto triángulo - superficie de apoio será plegable, contando con dúas posicións fixas (aberto - pechado). Conterán a lenda “POLICÍA LOCAL” na parte posterior dun dos lados do triángulo, resultando visible na posición “pechado” do mesmo, cunhas dimensións mínimas de 150 x 40 mm.
- Os dous triángulos deberán ir aloxados nun só colector na súa posición de encartados. Ademais, deberá incorporar unha cinta de “velcro” que permita a fixación do mesmo no revestimento do maletreiro do vehículo.
- Un martelo para rotura de lúas, o cal levará unha coitela para o corte de cinto de seguridade, situado nun dos alicerces ou no frontal do caixón porta - gorras.

6.- Especificacións técnicas dos furgóns

a) Atestados

6.1 Motor, elementos de seguridade e outros

- Potencia DIN non inferior a 125CV.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 13 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

- Combustible: gasóleo.
- Dirección servoasistida.
- Habitáculo dianteiro con 3 prazas autorizadas.
- Dimensións exteriores:
 - Lonxitude mínima 5.300 mm e máxima 5.500.
 - Ancho con espellos máximo 2.550 mm.
 - Altura interior útil mínimo 1.880 mm e máxima 2.000
- Sistema ABS.
- Sistema ESP+ASR
- Carga útil mínima 800 kg.
- O vehículo terá configuración Combi

b) Seguridade Cidadá

Idénticas características salvo:

- ← - 9 plazas
- ← - Dimensións:

Lonxitude mínima 5.000 mm e máxima 5.250 mm.
 Anchura con espellos máxima de 2215 mm.
 Altura exterior máxima de 1.980 mm.

7.- Características da transformación dos furgóns para adecualos ao servizo policial.

Para devandita transformación terase en conta -no seu caso- o establecido na normativa vixente e, en particular, o contemplado nos RRDD 2822/1998 e 866/2010.

7.1 Habitáculo dianteiro

Rexe plenamente o establecido no apartado 5.1 e subapartados.

7.2 Elementos de configuración externa e deseño de marcado e rotulación.

Resultarán aquí de aplicación o disposto no apartado 5.3. do presente Prego de Prescripcions técnicas.

7.3 Equipamento:

a) Atestados

7.3.1 Habitabilidade.

- Separación da zona de conducción e a parte traseira, mediante un biombo pechado e forrado, con cristal oscurecido (nivel de luminosidade do 35 por cento) deslizable e comunicable entre o posto de conducción e a parte traseira, de chapa mariña de 16 mm. e con recubrimiento de AR-Textum de cor gris.
- Instalación de luces de iluminación en teito, mediante dous plafones de iluminación para enfoque da zona de traballo, con carcasa de PVC e plafón fluorescente a 12V.



2/R AGO. 2015

- Recubrimiento de piso, de chapa mariña de 19 mm e lámina de cor impermeable e antiescorregadiza en cor azul con tecido Impex-Belt 90.
- Reborde da parte dianteira de butacas e mesado de perfil de aluminio de 12 cm. de alto para impermeabilización.
- 2 asideros de entrada, un na parte dereita e outro na parte esquerda para a entrada de acceso de porta lateral de corredera, en aluminio anodizado de 35 mm.

7.3.2 Mobiliario sanitario interior.

- 2 butacas fixas, con apoyabrazos individual abatible e cinto de seguridade de tres puntos de ancoraxe, recuberto de tecido hidrófugo e ignífugo na parte traseira.
- Moble vertical de aluminio anodizado en 3 mm. con tres estantes en aluminio e bandexa superior para aloxamento de impresora, entre as dúas butacas da división.
- Moble en parte traseira en aluminio anodizado de 3 mm. para aloxamento de tetrápodos, conos e diverso material de sinalización de tráfico, fabricado en aluminio de baixa densidade con puntas redondeadas.
- Mesa de traballo construída en chapa mariña de 19 mm. con dúas alturas de traballo, de forma redondeada, con estante intermedio deslizable e protexida con persiana de aluminio de 3 mm. de aluminio de baixa densidade, con conexións eléctricas de 12 v. e 220V.

7.3.3 Climatización.


- Extractor / ventilador en teito para ventilación interior, de PVC ríxido.
- Canalización de climatizador de serie dende a parte dianteira cara á parte traseira do posto de atención e comunicación.

7.3.4 Sinalización e Seguridade.

- 6 microled azul, 3 a cada lado lateral do vehículo, para sinalización lateral e con luz de cruceiro.
- 1 frecha traseira ámbar de 8 módulos en Leds, con controlador de funcións, na parte traseira do vehículo, frecha cunha lonxitude total de 82 cm., e incorpora alerón traseiro en fibra con 2 focos brancos traseiros para iluminación posterior.
- Panel de activación de funcións do vehículo na parte de conducción, composto por central táctil electromagnética con led de activación en nivel superior e led de detección de fallos.
- 2 antenas de emisora no teito. Antena de ¼ 68-87,5 - ¼ SSOD 66-174 ANT con canalización do cableado para a zona de conducción.

7.3.5. Instalación Eléctrica.

- 3 tomas de corrente de 12 V.
- 4 tomas de corrente de 220 V.
- 1 toma exterior de 220 V. de baixa tensión, con tapa de protección e de estanqueidade.
- 1 batería de mínimo 140 Amp. auxiliar para alimentación.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 15 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

- 1 cargador de baterías, multifunción con tecnoloxía AR-Force II.
- 1 caixa de seguridade con 3 leds de carga de estado de baterías.
- 1 convertidor de corrente de 12 V - 220 V de 1000 W.

7.3.6 Dotación auxiliar/complementaria.

Aos elementos especificados no apartado 5.4, engádenselle os seguintes:

- Soporte auxiliar en porta esquerda para aloxamento de carteis de texto de sinais, 5 mastiles en tubo aluminio anodizado de 35 mm. con rosca X-tream-Fortex 500.
- Ancoraxes de equipo policiais, en moble interiores para a súa utilización.

b) Seguridade cidadá

7.3.7 Habitabilidade

- 9 prazas, distribuídas en 3 filas.
- Resultan de aplicación as características de transformación especificadas no apartado 5 para os vehículos patrulleiros sin kit de detidos.
- A parte de carga será adaptada adecuadamente para a correcta suxección e ordenación dos elementos e equipamento especificados no apartado 5, así coma os que indiquen os técnicos do servizo da Policía Local.

7.3.8 Sinalización e Seguridade.

Segundo o especificado no apartado 7.3.4

7.3.9 Instalación eléctrica

Segundo contido detallado no apartado 7.3.5

7.3.10. Dotación auxiliar/complementaria

Idéntica á 7.3.6.

8.- Especificaciones técnicas dos vehículos todo terreo lixeiros tipo SUV

8.1 Tipo de vehículo

- Todo Terreo, modelo Suv (sport utility vehicle)
- Con 5 portas
- 5 prazas.
- Teito ríxido.
- Maletero mínimo 540 litros..


8.2 Motor, elementos de seguridade e outros

- Turbo-Diesel.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

28 A60. 2015

A Secretaría de Gobierno local,
P.O.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09 14	Paxina 16 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR de esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

28 AGO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

- Potencia non inferior a 120 CV
- COMBUSTIBLE: Diesel.
- TRANSMISIÓN: manual ou automática, dun mínimo de 5 velocidades.
- TRACCIÓN: 4x4
- DIRECCIÓN: asistida hidráulicamente.
- LONXITUDE : entre 4.500 e 5.000 para o
- Airbag de condutor e acompañante (mínimo).
- Climatizador.

8.3 Sistema Eléctrico.

- Batería de 12 V. e 100 Ah (mínimo).
- Alternador de 12 V. e 56 Ah, toma de 8 fusibles de 15 Ah. en regleta extra, para instalación dos equipos auxiliares do vehículo, quedando polo menos dous libres, en lugar de fácil acceso e próximo á batería.

9.- Características da transformación dos vehículos SUV para adaptalos ao servizo policial.

Para devandita transformación terase en conta -no seu caso- o establecido na normativa vixente e, en particular, o contemplado nos RRDD 2822/1998 e 866/2010.

9.1 Elementos de configuración externa e diseño de marcado e rotulación.

Neste punto, estarase ao disposto no apartado 5.3 do presente Prego de prescricións Técnicas.

9.2 Equipamento

9.2.1 Habitáculo dianteiro

Resultan de aplicación as características de transformación especificadas no apartado 5 para os vehículos patrulleiros sin kit de detidos.

9.2.2 Sinalización e Seguridade

Resultalle de aplicación o especificado no apartado 7.2.4

9.2.3. Dotación auxiliar/complementaria

A descrita no apartado 5.4, máis os seguintes elementos:

- Cabestrante con capacidade de arrastre mínima de 4.000 Kg só para o modelo Pick-Up.



- Gancho de remolque capacidade de arrastre de ata 1.500 MMA.

10.- Autorizacions específicas.

10.1. Soporte de seguridade para computador a bordo.

O rentista adxudicatario autoriza ao Concello de Vigo a instalación nos vehículos de soportes de seguridade para a utilización de ordenadores a bordo, por conta do Concello de Vigo.

10.2 Equipos de telecomunicacions e outros

O adxudicatario autorizará expresamente a instalación, tanto dentro da guantera como no cadro de mandos e maleteiro do vehículo, de cantos elementos de telecomunicacións, sirenas ou análogos resulten de interese para a Policía Local.

O adxudicatario achegará e instalará os seguintes elementos:

- Dúas tomas de corrente protexidas, independentes do arranque, no caso de que o vehículo non dispoña delas.
- A capacidade da batería deberá estar suficientemente dimensionada para alimentar os equipos de luces, telecomunicacións e auxiliares.
- Antena UHF de 450-460 Mhz, instalada en teito con canalización do cableado (RG58) ata a o equipo de comunicacions.

11- Presentación do prototipo

A transformación obxecto deste Prego de Prescricións Técnicas deberáse realizar de conformidade cos criterio dos Técnicos que para ese efecto sexan designados polo órgano de contratación, co que antes de iniciarse aquela, o persoal da Empresa que resulte adxudicataria deberá reunirse cos devanditos técnicos con obxecto de unificar criterios e concretar todos aqueles aspectos de menor entidade, non definidos neste documento.

De acordo con isto, a Empresa subministradora equipará completamente unha unidade cos elementos e accesorios indicados neste Prego de Prescricións Técnicas, realizando os técnicos municipais as inspeccións que consideren oportunas para corroborar a correcta localización dos equipos e montaxes realizadas, ata a súa completa terminación.

Inspeccionado e aprobado o prototipo, a Empresa subministradora poderá realizar noutros vehículos as correspondentes instalacións, con montaxes idénticas aos efectuados neste prototipo.

As deficiencias atopadas serán emendadas antes da súa entrega en instalacións policiais.

Non será aceptado ningún vehículo que exteriormente presente outras marcas, logotipos ou anagramas que os incorporados polo propio fabricante nos modelos de serie.


12.- Documentación a adxuntar e garantía.

Con cada vehículo fornecido entregarase a seguinte documentación:

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBIERNO LOCAL DE DATA

20 A GO. 2015

A Secretaría de Goberno local,
P.O.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Página 18 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-3C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



A Secretaría de Goberno local,

- Manual de uso e mantemento do vehículo.
- A empresa adxudicataria garantirá a subministración de pezas de recambio do automóbil ou dos elementos que forman o equipamento, polo menos durante cinco anos, a partir da data en que o modelo do vehículo deixe de fabricarse ou experimente variacións das súas características.
- Esquema das instalacións realizadas e funcionamento dos distintos accesorios.
- Así mesmo, e debido a que todo o material e equipamento adaptado ao vehículo ten que ser homologado, achegaranse os correspondentes certificados, ou no seu caso, as homologacións correspondentes.

A empresa que resulte adxudicataria do concurso deberá entregar, xunto aos vehículos, un CD-ROM explicativo por cada un dos diferentes modelos de vehículos ofertados, en formato Power Point, onde se reflectirán as principais características e innovacións tecnolóxicas e de funcionamento dos seus distintos elementos, tanto os que incorpore de serie o vehículo, como aqueles outros correspondentes á súa dotación policial (ponte de luces, sistemas de seguridade, escurecemento de lúas, lanternas, interruptores de funcionamento, etc.). O contratista deberá entregar tres copias de cada unha das presentacións realizadas.

O obxecto da presentación será dar a coñecer aos usuarios dos vehículos as súas posibilidades de forma que estes poidan facer o uso máis eficiente dos mesmos, polo que, na súa elaboración, o contratista deberá ter en conta as indicacións que reciba da administración, para que a mesma sexa acorde cos fins que se perseguen. Os CD-ROM citados entregaranse sen protección de seguridade, permitindo a súa copia e manipulación pola Administración, no caso de que o estime conveniente ou se produza algún cambio posterior de calquera elemento que incorporen os vehículos.

13.- Control de xestión da flota

A empresa adxudicataria deberá dispor dun Sistema Informático de Xestión de Flotas, ao cal terá acceso (a través de Internet), o responsable municipal do contrato, debendo contar con información, o máis completa posible, sobre as incidencias e avarías dos vehículos, así como do historial dos mesmos.

j.a.p.r.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O INTENDENTE- XEFE DA POLICÍA LOCAL- Francisco Martínez Muñoz

	Copia auténtica do orxinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/07/2015 09:14	Páxina 19 de 19
	Expediente 43577/212	Código de verificación: 24EC3-AC8C2-5C525-8A82B	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

